



concurso de ideas
remodelación urbana da Praza de Galicia
en Santiago de Compostela

■ DOG nº 196 de 9 de outubro de 2007

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. *Resolución do 24 de setembro de 2007 pola que se anuncia o concurso que se cita.*

OBJECTO

Concurso de ideas, con intervención de xurado, sobre anteprojectos para a remodelación urbana da Praza de Galicia en Santiago de Compostela.

TIPO DE CONCURSO

É un concurso aberto, anónimo, que se encadra como de proxectos con intervención de xurado, regulado no artigo 216 do Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante TRLCAP)

DESTINATARIOS DO CONCURSO

Poderán participar no concurso as persoas físicas profesionalmente competentes para levar a cabo o proxecto obxecto do concurso, españois ou non que se atopen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se atopen incurso en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste anteprojecto nin para contratar coas Administracións Públicas.

Poderán participar individualmente, ou asociados en UTE, ou formando equipos multidisciplinares, neste último suposto, baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación.

Igualmente poderán participar persoas xurídicas cujos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director de equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación.

En calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato.

Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, presente varias propostas individualmente e/ou mediante unha ou varias empresas.

No poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao, nin o persoal ao servizo do Concello. Tampouco poderán participar quenes estén incursos nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, sobre incompatibilidades de Altos Cargos, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou do artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Esta circunstancia deberá acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

XURADO

– Presidente:

- Un arquitecto de recoñecido prestixio designado polo Alcalde Presidente do Concello de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue.

– Vocais:

- A Directora da área de urbanismo e Infraestructuras do Concello de Santiago.
- O Xefe de Servizo de Proxección e programación do Concello de Santiago
- Un Arquitecto designado pola Xunta de goberno local do Concello de Santiago de Compostela.
- Un Arquitecto en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Un Arquitecto residente en Galicia elixido a proposta dos concursantes.
- O Director da asesoría xurídica municipal.
- Un profesional de recoñecido prestixio relacionado co mundo da arquitectura, o urbanismo ou a enxeñería invitado polo Concello de Santiago. Se o Concello non exercese este dereito farao o COAG.

Actuará como Secretario, con voz e sen voto, un membro da Secretaría de Concursos do COAG ou persoa designada polo COAG.

DESENROLO DO CONCURSO E PRAZOS

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes fases e calendario:

- Convocatoria do concurso: 24 de setembro de 2007.
- Realización de consultas: 2 meses dende a publicación das bases no DOG.
- Presentación das propostas: 1 mes dende o remate do prazo de consultas.
- Reunión do xurado e o fallo do concurso: terá lugar dentro dos dous meses seguintes ao da finalización do prazo de presentación das propostas.

PREMIOS

- Un primeiro premio de doce mil euros (12.000 €).
- Un segundo premio de seis mil euros (6.000 €).
- Un terceiro premio de tres mil euros (3.000 €).
- Un cuarto premio de dous mil euros (2.000 €).

Prazo para a realización de consultas: dous meses desde a publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Prazo e lugar para a presentación das propostas: un mes desde o remate do prazo de consultas, ata as 14.00 horas, no rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela, (r/ Presidente Salvador Allende, nº 4, baixo, Santiago de Compostela).

Retirada das bases e documentación: a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG poderán ser retiradas as bases do concurso e a documentación gráfica (cartografía 3D e ortofoto), na Concellaría de Urbanismo do Concello de Santiago de Compostela e na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia: www.coag.es

Calquera consulta que se necesite facer por parte dos concursantes (dentro do prazo de realización de consultas) poderá realizarse a través do correo electrónico concursoprazagalicia@coag.es e as respostas publicaranse na páxina web do concurso.

Gastos de anuncios: os gastos derivados da publicación deste concurso serán aboados polos gañadores dos premios en partes proporcionais aos importes dos premios obtidos.